



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Febreiro 2019**


Santiago de Compostela, 05 de abril de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en febreiro de 2019 un retroceso do 5,8% con respecto a febreiro de 2018, mentres que a nivel nacional a caída foi do 0,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens de equipo creceron un 1,9% e 1,2% respectivamente. Pola contra, os bens intermedios e a enerxía retrocederon un 8,4% e 14,3% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que resta 4,2 puntos, a “metalurxia” que resta 2,6 puntos, a “fabricación de material e equipamento eléctrico” xunto coa “fabricación de maquinaria e equipamento” que minoran 0,4 puntos cada unha á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan a “fabricación de produtos metálicos” que achega 0,9 puntos e a “confección de prendas de vestir” que achega 0,5 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2019



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de febreiro de 2019 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do -5,8%, empeorando en 3,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-2,5%). En España rexistrouse un decrecemento do 0,2%, empeorando en 2,2 puntos a taxa acadada no mes anterior (2,0%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 1,9%, o que achega 0,4 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 1,2%, o que suma 0,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** caen un 8,4%, cunha repercusión negativa de 2,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 14,3% e minora 4,0 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2019, por destino económico, os bens de consumo melloran 3,2 puntos, os bens de equipo melloran 2,4 puntos, os bens intermedios restan 1,7 puntos e a enerxía resta 14,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de febreiro foron: “produción de enerxía eléctrica” que resta 4,2 puntos, a “metalurxia” que resta 2,6 puntos, a “fabricación de material e equipamento eléctrico” xunto coa “fabricación de maquinaria e equipamento” que minoran 0,4 puntos cada unha a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas destacan a “fabricación de produtos metálicos” que achega 0,9 puntos e a “confección de prendas de vestir” que achega 0,5 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 5,1% de Castilla – La Mancha e o -6,8% da Extremadura. Ademais de Castilla – La Mancha, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Aragón (3,4%), Canarias (2,5%), Andalucía (1,5%), Madrid (1,3%), País Vasco (0,9%), Comunitat Valenciana (0,8%), Castilla y León (0,3%), Asturias e Cantabria (-0,1%).

#### IPI febreiro 2019 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	102,4	-5,8	-4,2	--	--
Bens de consumo	100,1	1,9	0,3	0,4	0,1
Bens de equipo	93,9	1,2	-0,1	0,3	0,0
Bens intermedios	117,0	-8,4	-7,6	-2,5	-2,2
Enerxía	98,8	-14,3	-7,2	-4,0	-2,0
<b>España</b>					
Xeral	103,8	-0,2	0,9	--	--
Bens de consumo	99,2	1,5	2,1	0,4	0,5
Bens de equipo	113,8	3,4	3,2	0,8	0,7
Bens intermedios	107,9	-0,3	-0,2	-0,1	-0,1
Enerxía	93,6	-6,2	-1,3	-1,3	-0,3

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2019**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>-5,8</b>		<b>-4,2</b>		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e Confección de roupa de vestir	10,9	0,9	11,0	0,9	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	12,1	0,5	-1,1	0,0	4,1
Industria téxtil	7,1	0,3	-0,1	0,0	3,6
Industria do papel	27,5	0,1	16,0	0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	5,2	0,1	3,1	0,1	2,2
Fabricación de bebidas	14,4	0,1	2,5	0,0	0,5
Industria da alimentación	1,2	0,0	1,7	0,1	3,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0,3	0,0	1,4	0,2	13,2
Fabricación de mobles	0,1	0,0	-0,6	-0,1	13,1
Fabricación doutro material de transporte	-1,0	0,0	-11,3	-0,1	1,1
Industria química	-1,1	0,0	-2,3	0,0	2,0
Outras industrias extractivas	-1,9	0,0	-6,4	-0,1	1,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-6,2	-0,1	-10,9	-0,1	1,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-3,3	-0,1	-3,3	-0,1	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-4,8	-0,2	-15,1	-0,5	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-9,6	-0,3	-4,6	-0,1	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-15,0	-0,4	-9,4	-0,2	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-17,1	-0,4	-17,7	-0,3	1,4
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-37,7	-2,6	-29,7	-1,9	5,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-17,8	-4,2	-8,7	-2,0	22,3
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2019**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>103,8</b>	<b>-0,2</b>	<b>0,9</b>
Galicia	102,4	-5,8	-4,2
Andalucía	99,4	1,5	1,7
Aragón	110,1	3,4	2,3
Asturias	103,4	-0,1	1,1
Balears (Illes)	87,8	-5,2	-4,5
Canarias	91,7	2,5	2,6
Cantabria	116,3	-0,1	0,0
Castilla - La Mancha	99,2	5,1	5,5
Castilla y León	99,9	0,3	1,7
Cataluña	106,2	-1,8	-0,8
Comunitat Valenciana	104,0	0,8	0,9
Extremadura	93,8	-6,8	-4,5
Madrid	106,0	1,3	3,9
Murcia	102,6	-0,2	1,9
Navarra	103,6	-2,8	2,5
País Vasco	106,6	0,9	1,7
Rioja (La)	95,1	-2,1	-3,3

Fonte: INE